

BELUSO  
**RUA  
NOVA** CAFETERIA

**ESPECIALIDADES  
DE CAFE**

- IRLANDES** (Café, Whisky, Nata)
- JAMAICANO** (Café, Tía María, Nata)
- VIENES** (Café, Nata)
- GALLEGO** (Café, Aguardiente, Nata)
- CAPUCCINO** (Café, Leche, Nata)
- SHAKE** (Café, Crema de Whisky, Nata)
- BARRAQUITO** (Café, Nata, Kalua)
- CARIBEÑO** (Café, Nata, Coconut)
- CREMOSITO** (Café, Nata, Leche Cond.)
- CUBANO** (Café, Nata, Ron Dorado)
- CHOCOLATE CON NATA**

**NUEVAS INSTALACIONES:**  
**RUA NOVA DE ARRIBA, 93. BELUSO**

FESTA DOS MOZOS  
en  
Santa María de



honrando á Dolorosa Soidade  
26 e 27 de agosto. x

## SAUDO DA COMISION

*Un ano máis CELA atópase en festas. Como é costume desde fai moitos anos non podía faltar a celebración da festa da XUVENTUDE.*

*A comisión quiere agradecer os veciños a súa colaboración tanto con donativos como asistindo os distintos bailes celebrados no recinto de festas, que foron novidade este ano con motivo de recaudación para a festa.*

*Queremos agradecer tamén a colaboración a xente que non sendo da parroquia colabora comprando rifas, ou con donativos.*

*Especial mención queremos facer da importancia cada vez maior das aportacións de grande cantidade de firmas comerciais, a través da publicidade que expoñen nos nosos carteles e folletos, vaia para eles o noso especial agradecemento.*

*A comisión de festas da Xuventude deséxalles a todos moi felices festas, esperando que estas sirvan para o deleite tanto de propios da terra, como dos forasteiros que nos queiran visitar, xa que as portas están abertas para quen queira vir.*

*Boas festas.*

*A Comisión.*

# vidueira

MAQUINARIA AGRICOLA



**piva motor**


**Kawasaki**  
DESBROZADORAS  
CORTASETOS

**YAMAHA**  
CORTACÉPEDES



**agrilur**  
MAQUINAS Y UTILES  
PARA JARDINERIA

Exposición, Ventas, Recambios y Taller  
C/. Casimiro Gómez, 14 - Teléfono 84 03 25 - 36002 PONTEVEDRA



# Alfalia

**ARTESANIA  
CREATIVA  
DISEÑO EN PLATA**

SECUNDINO LORENZO, 24  
(ESQUINA VEIGUIÑA)  
TELÉFONO 89 15 11  
MARIN



**CONSTRUCCIONES**

**AGUSTIN RODRIGUEZ**

Teléfono 32 20 06 - CELA - BUEU


**RESTAURANTE - HOSTAL**

**A CENTOLEIRA**

Praia de Beluso, n.º 28

BUEU (Pontevedra)

Teléfs. 32 08 96 - 32 34 81



**FESTAS DA XUVENTUDE**  
**CELA-95**

**FESTAS NA HONRA**  
**A VIRXEN DOS DOLORES**  
*Os días 26 e 27 de Agosto*

**SABADO 26:**

- As 12 Gran Tirada de Bombas anunciando o comenzo das festas.
- Pola noite Gran Verbena amenizada polas Orquestas:

**PANORAMA**

**E**

**AMERICA**

TINTORERIA  
LAVANDERIA

**HITECHI**

C/. Montero Ríos, n.º 199  
Teléfono 32 30 62  
BANDA DEL RIO  
BUEU

ZAPATOS

**Charrol**  
COMPLEMENTOS

C/. GENERAL MOLA, 10  
MARIN

CRISTELERIA



**MARIN**

ACRISTALAMIENTO - FRENTES ARMARIOS  
VITRINAS EN PERFIL VIDRIERA - MURALES  
PLASTICOS EN GENERAL Y METACRILATO  
MARCOS Y MOLDURAS  
BISELADOS - MAMPARAS DE BAÑO Y DUCHA

Busto de Abajo, 7 - Teléf. 89 08 40  
36900 MARIN

CAFETERIA  
BAR

CROISSANTERIA

**"LASKY'S"**

*Especialidad en Hojaldre  
Todo tipo de Croissant  
relleno, Pizzas  
y Empanadas*

Serafín Tobío, 5  
Teléfono 89 10 73 - MARIN

**DOMINGO 27:**

- A partir das 9,30 gran pasacalles a cargo da **Banda de Música de LANTAÑO**
- As 13 h. Misa Solemne, seguida de Procesión.
- A continuación Concerto da mencionada Banda.
- As 20 h. Reunión das Xuventudes de Ardán e Cela dando paso as tradicionais vivas, como e tradición durante este acto repartirase viño tintafemia do país gratuitamente.
- Como fin deste acto gran Concerto a cargo da mencionada Banda de Música.
- A continuación Gran Verbena coas orquestras:

**GRAN PARADA**

**E**

**ORQUESTA  
ESPECTACULO  
LA TOJA**

*Transportes*

**JOSE ANTONIO  
RIAL OTERO**

Teléfono 32 22 74 - CELA - BUEU  
Teléfono Móvil 908 08 99 17

*Viño tinto, viño tinto  
que saleu da cepa torta  
ti que te queres colar  
e eu que che abro a porta.*

*Teño ganas de beber  
Manuel trae a cabaza  
sonche desta condición  
bebendo logo me pasa.*

*O viño bo de Cela  
que a trinta pesetas subeu  
veñen a probalo  
os de Marín, Beluso e Bueu.*

*Viño tinto, viño tinto  
río de moitos colores  
cando o río leva tantos  
que farán os meus amores.*

**Angela**

*Tejidos - Decoración - Hogar*

**INNOVACION DE CORTINAS**

Montero Ríos, 57 - Teléf. 32 00 17  
B U E U

*Nabos hay en Lugo  
grelos en Compostela  
pero o mellor lujo,  
o tintafemia de Cela*

## ÓS CARPINTEIROS DE MILLO DA PARROQUIA

Lonxe quedan aqueles tempos en que os nosos labradores cobizaban unha feira para non só darlle saída ós seus excedentes, senón tamén para que servise de reclamo e engrandecemento da súa propia vila. Deste xeito unha das preocupacións máis grandes do novo Concello de Bueu foi a de conseguir licencia para a celebración periódica dunha feira de gando que tería que facerse un sitio a sí mesma no ámbito da comarca. Este desexo veríase cumprido alá polo ano 1850 cando:

"... S.M. La Reyna q.d.g. se ha servido conceder un R1, permiso a este Ayuntamiento para que pueda celebrar una feria el día nueve de cada mes en el sitio denominado Castrillón y un mercado todos los jueves en la playa de esta villa..."

O engrandecemento tanto agrario como gandeiro das respectivas parroquias chegará a alcanzar tal grao de desenrolo e sona, que só serán superados máis tarde pola nova actividade mariñeira e pesqueira de altura. No ano 1926 concédese unha subvención polo Concello de catrocentas pesetas ós veciños desde municipio, D. Manuel Bello Lorenzo e D. Manuel Davila Pastoriza, presidentes das Sociedades Agrarias e Gandeiras de Cela e Beluso, respectivamente para que asistan ó V Concurso Nacional de Agricultura y Ganadería". Non fai falla dicir que son anos de asociacionismo e cooperativismo agrario como así o demostra a fundación de entidades deste tipo como foron a Sociedade de Agricultores "El Porvenir" de Cela e "El Progreso" de Beluso.

Os esforzos e as expectativas de avance naqueles intres levaron a decidir a institución doutra gran feira na que non se escatimaron toda clase de medios para garanti-la súa continuidade:

"... se crea en esta villa una feria que habrá de inaugurarse el veintinueve del actual y celebrarse periódicamente en trece y veintinueve de cada mes... se conceden a la Presidencia amplias facultades para que organice festejos con motivo de tal inauguración, instituya premios y designe el Jurado que ha de distribuirlos entre los dueños de las diversas clases de ganado que concurra a la feria..."

(Acuerdo plenario del Ayuntamiento del veintisiete de junio de 1927)

A xente da terra ben sabe que as feiras supoñen a vistosidade e o resultado de todo un traballo diario de loita pola supervivencia. Detrás quedan actividades máis solapadas como ir ó toxo ó monte, carrexo de leña, paus para o lume, arrumbado das viñas, preparación para a sementeira (carrexo do esterco, labradores, xornaleiros), cultivos como o de millo... en definitiva, todo un mundo que non sería posible sen a conxunción do home, animal e todos aqueles oficios que da terra se derivan: ferradores, arrieiros, carreteiros, xornaleiros, os propios labradores...

Sería impensable calquera tarefa agrícola sen o auxilio dun dos aperos dos que máis depende o labor do labrego: estámonos a referir ó carro de bois, tan presente



## CRISTALERIA MORRAZO

OFICINAS Y TALLER:  
C/. Ramal dos Galos, 4  
Teléf. (986) 32 29 15  
36930 B U EU

*Oscar Villaverde León*

CRISTALES BISELADOS  
MURALES DECORATIVOS  
CRISTALES DE IMPORTACION  
LUNAS - TALLADOS - ESPEJOS  
ACRISTALAMIENTO A DOMICILIO  
ROTULOS LUMINOSOS



Teléfono 32 31 14 - Teléf. Móvil 908 88 07 65  
B U E U

# O' MERCADILLO

## CADENA

### TODO A 100

Méndez Núñez, 34  
Teléfono 89 06 32  
MARIN

The logo for Santiraf S.L. features the word "Santiraf" in a stylized, lowercase font. The letter "i" is replaced by a circular graphic element. To the right of the word, "S.L." is written vertically in a smaller font.

Jaime Janer,, 53  
Teléf. (986) 88 22 12  
36900 M A R I N  
(Pontevedra)

**POR PRECIO,  
CALIDAD  
Y SERVICIO  
VEN A:**

The logo for GONBEL features a stylized ship's wheel on the left, followed by the word "GONBEL" in a bold, sans-serif font with horizontal lines through the letters.

Avenida de Orense, 50  
Teléfono 88 39 31  
Ptlar. 88 06 44  
MARIN

# TALLERES RODAL

## REPARACION GENERAL DEL AUTOMOVIL

Teléfono 70 23 88  
ARDAN - CASAS, 42  
MARIN



INAUGURACION FEIRA DE GANDO DE BUEU  
29 DE XUÑO DE 1927 - Doante: Policía Local de Bueu

# *Peluguería* *Alda*

POUSADA, N.º 12 - CELA - Teléfono 32 09 50 - B U E U

*Mercería*  
*Lencería* **Loli**

CENTRO COMERCIAL COLON  
(Galerías) - M A R I N

noutros tempos como esquecido e ausente hoxe entre nós. Ningún outro coma el sufriu tantas diferencias e variedades de adaptación e é polo que atopamos tanta diversidade dunhas parroquias a outras incluso dentro da mesma bisbarra. De seguido imos coñecer da man dun destes carpinteiros a feitura e os nomes das pezas do carro de bois da parroquia de Cela.

Esencialmente falaremos de tres partes, a saber, o CHEDEIRO, o EIXO e mailo XUGO. Para face-lo CHEDEIRO ou armazón de madeira de pau de carballo que forma o leito do carro e sobre o que se asentará a carga, teremos en conta primeiramente as CHEDAS, cada un dos largueiros ou pezas exteriores laterais do chedeiro. Para elo o común é buscar dous paus axeitados coa forma especial e natural e non deseñado como nos faría pensar á primeira vista, xa que o facelo así suporía que ó sustenta-la carga partisen. As dimensións segundo o modelo de Cela serían de once cuartas equivalentes a dous metros trinta centímetros. Para suxeita-las chedas "a paño" utilizaremos tarugos ou tornos de pau, ademais das chamadas CADEAS e FECHOS, que amén de serviren de unión das chedas son as que sosteñen o piso do carro, feito de táboas. Tendo en conta que o largo do chedeiro deberá ter tres partes para diante e outra para atrás do centro do eixo falaremos de catro cadeas e mailos dous fechos nos PATÓNS das chedas. Na configuración dos fechos advertiremos que son máis anchos dun lado que do outro para que ó virar non se abra o chedeiro e van colocados nun extremo ó contrario do outro para compagina-las partes anchas coas máis delgadas.

Para previr o que servirá de tiro do carro faremos unha lanza ou CABEZALLA duns tres metros de longo, no caso usual dos labregos, podéndose modificar especialmente no dos carreteiros. A cabezalla deberá contar na parte dianteira cunha entalla ou escabe por baixo chamado A POSTURA, por iso se di entre os carpinteiros de millo ou blancos "hai que face-la postura". Este escabe era para o TIMOEIRO que pasaba por el e polos dous con que deberá conta-lo xugo, chamados MAZÁNS DO XUGO para atar éste á cabezalla. Por outra banda a cabezalla leva debaixo unha MULA ou TENTEMOZO para aganta-lo carro de pé.

Seguindo na configuración do chedeiro falamos agora das BUXAS, dúas pezas de madeira discoidales que teñen a función de que o eixo traballe nelas a modo de reforzo para evita-lo desgaste nas chedas. A buxa é curta, non corrida, cando ésta vai dende o torno do medio ata o final do chedeiro recibe o nome de COUCÓN, usado preferentemente en chedeiros vellos ou febles por teren necesidade dun reforzo maior, sendo de pau de bidueiro ou nogueira.

Para suxeita-lo eixo ó chedeiro temos as EMPELADOIRAS, suxeitas á súa vez polos respectivos pasadores ou TUERCAS que se colocan pola parte de abaixo para frenar pouco a pouco o carro nas costas abaixo.

Outras pezas complemento do chedeiro son os TORNOS, catro tarugos de madeira situados atrás e no medio para engancha-las cordas ou como nós dicimos "afungar diante ou detrás", os propios FUNGUEIROS, dez en total, os dianteiros e traseiros de máis altura cós do medio e os dous de diante en todo con forma especial e natural para conseguí-lo realce do carro e preparados para levar TRANQUILLA. En Hermelo, ós fungueiros de diante xa lle chaman ENCARREDOIRO ou ENCARREDOURO, tendo outra feitura e diferente suxección. Por último falaremos das

**ACADEMIA DE CORTE Y CONFECCION**

**Hn. GESTIDO**

C/. Pazos Fontenla, n.º 40 - 2.º Dcha.

**HORARIO MAÑANA Y TARDE**

**ELECTRODOMÉSTICOS**

**Aldao**

**expert**



*Manuel Aldao Carballo*

**ELECTRODOMÉSTICOS  
VIDEO - T.V. - HI-FI**

Bastarreche, n.º 17 - Teléfono 88 09 37  
36900 M A R I N



CARRO DE BOIS - Copia de Diapositiva  
MAIO DE 1995

*Mercería*  
**RIOLA**

**ANTES  
ANABETI**

C/. Bastarreche, n.º 4  
Teléfono 89 13 43



*Cristalería*  
**PORTO**

ACRISTALAMIENTO - FRENTES ARMARIO  
VITRINAS EN PERFIL VIDRIERA  
BISELADOS - PECERAS - METACRILATO  
MURALES - MAMPARAS DE BAÑO

Avda. de la Cañota, 6 bajo  
36900 MARIN - Teléf. 89 16 76



DISTRIBUIDOR

*Agrícola*  
**BOUZON**

*Olivia Durán Freire*

Castrelo - Cela, 33 - 8  
Teléfono 32 13 41  
36930 B U E U  
(Pontevedra)

**CONGELADOS**

**JUUYMA**

**CHARCUTERIA**

*Cl. Eduardo Vicenti, 23*  
Teléfono 32 03 08  
B U E U

CANIZAS e do PISO, de táboas cravadas por riba das chedas e as cadeas que en definitiva recibirán toda a carga.

Polo que respecta ÓS PÉS do carro ou EIXO falaremos primeiramente do eixo propiamente, ou pau redondo de cereixeira, bidueiro ou nogueira disposto horizontalmente ó chan e quedando perpendicular á línea de tracción do carro e dándolle entrada nos seus extremos ás RODAS, que encaixarán nas empeladoiras e buxas. As rodas, a súa vez, son froito da unión de tres pezas: unha peza central, chamada MEÓN, no centro da cal hai un buratiño de forma troncocónica de dentro á fóra, onde encaixa o eixo coa roda chamado TUFO. Outras dúas pezas laterais chamadas CAMBAS, unidas á anterior de fóra a fóra polas RELLAS, especie de pasadores de carballo que xungue ás tres. Para evitaren o desgaste de madeira polos cantos, as rodas levan dúas tiras de ferro do ancho dela chamadas FERRÁS (ferraxe) ou LLAMA. A ferrás vai cravada á roda por uns dezaseis cravos de cabeza cadrada chamados BETOQUES. Para axudar a suxeita-las rodas ó eixo leva unhas cuñas de pau preferentemente de acacia, pero tamén de toxo, chamadas TILLAS. Os ocos das rodas con forma de media lúa chámanse ALEGRES ou MEDIAS LUNAS. Disque cando un mexa na roda dun carro venlle repelos nos dedos, por iso ó que os ten díselles que é de mexar contra as rodas dos carros.


*Para cuñas, pau de toxo  
para fungueiros, carballo  
e para contenta-las mozas  
a cabezalla do carro.*

DA terceira parte, o XUGO, diremos que tamén é feito de pau e é o que xungue pola cabeza a parella de bois ó carro. Vai atado característicamente á cabezalla polo TIMOEIRO, formándose de ARCOS, ESPICHAS (que suxeitan ós arcos ó xugo, ben de ferro, ben de pau) e o TIMOEIRO (pel de boi en verde que ata o xugo á cabezalla). No xugo dos arados de pau non se lle chama timoeiro senón ESTROBO. Por último as MAZÁNS do xugo ou entallas por onde pasa o timoeiro na súa unión coa cabezalla. Hai costume de porlle unha cruz ó xugo na parte dianteira no medio e medio.

Nin que dicir ten que o carro vai tirado por bois ou vacas e cando é un só animal destes a cabezalla é doutro xeito como é o caso dos XABOUS de unha vaca, carros de distinta estrutura á que nos ocupa. Anecdóticamente falaremos tamén da VARA DE LABRAR, moi empregada co arado de pau para poder chegarlle ós bois dende atrás do arado cando andaba un só, pese a que o usual era que foran dous, un diante a chamar e outro detrás co arado.

Como particularidades á hora da feitura dun carro de bois diremos que cando o meón dunha roda está en posición horizontal o outro da outra roda está en posición vertical. Esta é unha precaución que hai que ter en conta á hora de meterlle o eixo. A función é a de reparti-lo peso da carga e facer máis resistente o carro á hora de cargalo, pois as cambas poderían partir se cadran as dúas na mesma posición. Obviamente o meón que está en posición vertical aganta máis.

En carros máis ben de arrieiros presenta ademáis O RETORNO, consistente nunha corda para frenar que está anudada a un pau e colocada no piso do carro enriba



ARADO DE PAU - CASTRELO - CELA  
Copia de Diapositiva - MAIO DE 1995

**LIBRERIA**

**CASALDERREY**

**PAPELERIA**

Jaime Janer, 7  
Teléfono 88 27 46  
M A R I N  
(Pontevedra)

*Confecciones*


*Davila*

Montero Ríos, 215  
Eduardo Vicenti, n.º 13  
Teléfono 32 00 53  
B U E U

**BAR  
BURGUER**

**A PEQUENIÑA**

C/. Alfonso Castelao, n.º 2  
PEDIDO AL TELÉFONO  
Teléfono 32 21 10  
B U E U



**EL LOCAL  
DEL DEPORTISTA**

C/. A. R. Castelao, n.º 26  
Teléfono 32 30 21

do eixo. Dáselle voltas arredor del e sobresa por atrás, tirando por el para que o carro frene. Tamén é característico o seu CANTE, dependendo de como se le apreten as tuercas e da clase de madeira do eixo. Apretando moito ronca e se por enriba a madeira axuda, mellor. Respecto á súa conservación, ás rodas dábaselle alquitrán, ó eixo engrasábano con pingo e ó timoeiro salábano para que non fedese cando viña novo. As cordas inicialmente eran de esparto, unha para os bois, que tiña dúas asas para metérllle-las polos cornos e outra para o carro. A dos bois do mesmo xeito que o timoeiro ó xugo e á cabezalla, tiña a súa forma especial de atar, empezando polos cornos de dentro, interiores.

Se queres que o carro cante  
móllalle o eixo no río,  
despois de mollado  
canta coma un asubío

As rapazas de Cela  
cando van co gando  
espichan a vara no chan  
e bailan un tango.

Se falamos das feiras, dos carros de aquí a pouco como algo xa pasado, unha tradición pouco menos que esquecida, moito máis estrano resultará achegarse e comprender outro dos aparellos agrícolas indispensables no cultivo da terra e desaparecido algún tempo antes como é o lonxevo ARADO DE PAU.

Do mesmo xeito que o seu compañeiro o carro, a feita e a nomenclatura das pezas que compoñen o arado na nosa parroquia é un merecemento que gardan na memoria estes carpinteiros que souberon facer de simples aparellos de labranza unha arte que hoxe conforma a cultura espiritual e material do noso pobo. Así pois, o arado de pau (que entronca directamente coa tradición romana) componse basicamente de dúas partes: CABEZA e TIMÓN. Dentro da cabeza do arado témo-lo MACHO, listón que vai rozando o chan de arrasto polo rego adiante (igual de adiante a atrás). Na súa parte dianteira vén outra peza, especie de legón, que é o que abre o rego, chamado FERRO. As dúas cachas que conforman a cabeza reciben o nome de ABECAS e éstas están unidas entre sí co macho polo MINXIL, tendo así éste as funcións de travesa ou pasador. Onde se goberna o equilibrio de todo o arado é nunha peza volteada que se apaña coas mans chamada RABELA ou tamén RABISCO.

Logo vén o TIMÓN, pau longo que ten por obxecto servir de tiro ó arado e leva na súa parte dianteira uns buxeiros nos que entra a CHAVELLA, tuerca cun resalte por debaixo para ata-lo ESTROBO do xugo ó timón e así xungui-la parella de bois. No propio timón vai colocada unha travesa de madeira que vai do macho a unir co timón, é a peza que se coñece co nome de TEIRÓ, sendo a súa función a de reforza-lo conxunto. A teiró pódese abrir ou pechar, é dicir subir ou baixar para dar máis ou menos altura, profundidade e por tanto que se crave ou non na terra. Esta travesa vai suxeita ó timón por unha cuña chamada BISCOIÑO que vai posta por detrás e é a encargada de regula-la altura da teiró.

O arado ademáis adoita ter no timón, situada verticalmente a caer diante do FERRO ou RELLA unha especie de coitela chamada SEGA, para ir cortando a leiva que vai abrindo o ferro. Co emprego deste arado facíase indispensable a xa citada vara de labrar para poder chamar e correxir ós bois dende atrás, por iso chegaba a contar varios metros de longo.

Van de parolar os mozos



AGF UNIÓN



FÉNIX

**Luis Santaclara García**  
Agencia de Bueu

Pazos Fontenla, 25 - 36930 BUEU (Vigo)  
Teléfono (986) 32 00 85 - Fax (986) 32 32 37



MOTOR BUEU, S.L.

**MECANICA - CHAPA - PINTURA**  
**SERVICIO DE GRUA**

Trasouto, n.º 23 - La Graña (Bueu) - Ctra. Gral. Bueu - Cangas  
Teléfonos 32 26 26 - 32 27 51 - Móvil Permanente 908 98 57 94



SEMENTEIRA NA TORRE - ANO DE 1960 (CIRCA) CELA  
Doantes: José Franco Vilas e a súa muller Gloria

**OS FOGUETES DESTA FESTA SON DE PIROTECNIA**

**LA MODERNA, C.B.**

BUGARIN - PUENTEAREAS - TELÉFONO 32 26 59

Representante: PEPE

**LOLY SEARA LAMELAS**  
**PELUQUERIA**

Galerías La Fuente - C/. Bastarreche, 15  
Teléfono (986) 88 30 09 - 36900 MARÍN - PONTEVEDRA

e aturuxan sin parar,  
tamén os galos xa cantan,  
comenza o día a crrear.

Do leite érguete, Mamoela,  
e ós bois dalles de comer.

Amaña o arado e carro  
que os (hoxe) hai moito que faguer.

Que vida esta condenada  
sempre, sempre traballar  
sin adiantar un nada  
máis que os anos que se van...

D'a Deus salú  
xa que non da máis,  
traballo, e virtú,  
folgar, é de cans.

Colle o carro Manoela  
vamos labrar.

(Don Xosé Diz Paz. Comparsa de Cela **Los Campesinos**, ano 1933)

O elemento común a carro e arado xunto co home era o gando, do que podíamos dicir que recibían nomes garimosos como Cabano (boi cos cornos máis curtos e gordos apuntando para diante) e Gallardo (cos cornos grandes, abertos e apuntando para arriba). Respecto do traballo e as idades os bois mamotes, chamados así aqueles que tiñan os dentes do leite, non traballaban, estando en período de aprendizaxe. Os boiatos que tiñan dous ou catro dentes, realizaban calquera tipo de labor que non fose moi duro nin continuado e logo viñan os bois duros, seis a oito dentes que xa podían realizar carretadas ó rolo (carros cargados de toradas de madeira), a labranza, carrexar toxo... cada boi xa tiña o seu lado específico para porse ó carro, por iso mercábanse por parellas, pero de facelo por solto había que coidar que correspondesen ó lado necesario. Comer comían herba seca ou palla pola mañá que é cando máis fame tiñan e logo dábaselle auga quente no inverno con sal e algo de fariña milla por riba. Con isto xa ían ata pasado o mediodía, botándolle logo herba verde alternada con palla para que non se descompuxeran, maiormente no inverno. No verán comían herba todo o día e bebían bastante auga, dándolle tamén pendóns procurando non empachalos. Máis o prato preferido é o follaco das espigas (os ruíns, pois os bos apartábanse para os xergóns), xunto co millo (coidando de darllo muído ou a medio moer misturado coa fariña) e os carozos.

Cando están na corte non necesitan ferraduras, pero sí para traballar, ferrándoos con dúas en cada pata, pois teñen dúas pezuñas. Para isto o ferrador dispuña dun potro onde o boi co pescozo nunha especie de xugo e unhas cintas pola barriga erguíase para inmovilizarlle-las patas e ferralas con seguridade. Na feira había que prestarlle moita atención, pois podían contar con eivas ou defectos que ían en detrimento do animal e o seu valor, así habíaos rabóns, cordeños, nafros, con lamparóns, coa liñaseira...

*María Suncal*

*Bueu*

**AGRO  
MANOLO**

SERVICIO A DOMICILIO  
CEREALES - SEMILLAS  
INSECTICIDAS  
HERBICIDAS - ABONOS  
ETC.

C/. Castelao, 11  
Teléfono Ptlar. 32 31 59  
BUEU (Pontevedra)

**MOTO  
SPORT**

**MOTOS Y  
BICICLETAS  
Servicio  
de Remolque**

Teléfono 32 27 14  
Ramón Bares - Edif. n.º 40  
BUEU

*Bar*

**WUINO  
BULLO**

**VIÑOS E TAPAS**

**CELA - BUEU**

Disque o día tres de maio os labradores non labraban porque se celebraba a festividade de Santa Cruz e os bois disque caían no rego. Na nosa parroquia era costume polo tempo das festas xuntarse varias casas, cando non nunha, e matar un becerro ou outro bicho, ou como eles entón dicían ESCOTAR, por iso ó lugar chámabaselle o monte común do escote (do sacrificio) e de aí vén o de "pagar a escote".

Neste mundo de traballo e de suores o boi, capital do labrego era para éste como un membro máis da familia. Convivíase con el, tanto coma cos fillos e érase consciente das súas necesidades ata o punto que nalgunha casa chegou a comer mellor que o propio dono, xa que non se podía xogar co futuro que o boi representaba. Se éste paraba, non se podía traballar e non digamos que enfermase ou mesmo morrese, sería a perda da familia e a subsistencia de un ano.

O que vos vou relatar é unha situación delicada dun boi no tempo da sementeira, e os traballos e coidados que recibiu da miña defunta nai, que en gloria esté, para sacalo adiante e para sacarnos adiante:

O boi chegada á metade da sementeira, aínda que forte e aparentemente incansable chegáballe moi adentro. Claro, no inverno veña acarrexar leña larga, leña corta, varas, paus... logo carrear esterco e labrar e gradar e se non había descanso, que non o había, moitas veces aínda que a alimentación non fose moi mala, había bois que non o soportaban.

Así tivemos nós un da parella que sempre tiñamos, que dou en perde-la comida e en enflaquecer ata o punto que se muito e muito non podía traballar. Mi madre, que era quen se encargaba deles, de traérllle-la comida e atendelos, porque meu pai labraba e chegaba canso, chegou de ter que cocerlle pan para o boi. Acordareime sempre. Comía unha bola daquela ó día. Antes de levantarse pola mañán meu pai, alí iba ela con medio pan e un litro de viño para o boi. Ó principio non quería e había que abocalo e meterlle á forza o viño mailo pan. E pola noite outro litro e a outra media bola, e non pensedes que non traballaba. Tódolos días ó carro como está mandado. O outro con todo comer herba, fariña canto quería non tiraba co enfermo que só tiña media bola e o litro de viño no bandullo. E é así como miña defunta nai ten pasado as súas co gando para sacar adiante o capital de un ano, o aquel era que ela facíao como podía porque non había outro remedio.

Eu que son dos máis incrédulos onde os haxa, se fose que non me pasaran a min diría que son bromas de mal gusto ou patrañas para amedrentar a un ignorante. Lémbrome como se fora hoxe o que nos pasou cun boi no tempo da sementeira alá na encrucillada de Sabarigo: porque tendes que saber que o mesmo que hai en persoas haino tamén nos animais, e nunha ocasión, só nunha, o meu pai, que en paz descanse, mercou unha parella de bois que lle resultou ser dos acomodados. En efecto, por este tempo de moito labor, de carrear, labrar, gradar... mercábase a parella no noso caso destes xeralmente pertencentes a carreiros que estaban un pouco peor cos outros, pero tamén custaban menos e como de comer non lle ía a faltar, logo pulíanse e vendíanse con gran beneficio. Nunha destas parellas, resultou que ata os bois labraban solos, sen ninguén que fora diante. Ó chegar á esquina da veiga que estaba alí picando chamaba por eles e púñaos no rego e volta a labrar. O mesmo o que estaba a cava-lo

## CAFETERIA CHOCOLATERIA FARRUCO

CAFETERIA:  
General Mola, 33  
Teléfono 88 15 29  
PARTICULAR:  
General Mola, 45  
Teléfono 88 12 74  
M A R I N



CAFETERIA - PUB  
**DISPAO**  
DISCO LASER  
CARAOKE  
PANTALLA GIGANTE  
TERRAZA EXTERIOR  
C/. Eduardo Vicente, 36  
Teléf. 32 24 96 - BUEU

# La Fiorentina

## P A S T E L E R I A S

**Especialidad:**  
**TARTAS DE HOJALDRE Y NATA**

Pazos Fontenla, 77 - Teléfono 32 20 12 - B U E U  
Avda. Bueu, 26 (Centro Comercial 2 Avenidas)  
Teléfono 30 18 90 - C A N G A S

cadabullo no outro lado e foi que despois de rematar no chouzo da Fontalta fomos a Sabarigo a labrarlle ós que andaban con nós na sementeira. E imos ó caso: cando faltarían sete ou oito regos para acabar, a muller para quen fomos díxolle a meu pai: (era bastante milagreira).

- Tes uns bois que da gusto velos labrar (aínda era co arado de pau e eu pequeno, era quen botaba o millo). Acabamos enseguidiña vaia, vaia.

- Non digas nada que ó mellor, vai saber tí o que pode pasar de aquí a alá - díxolle meu pai.

E así foi que sen saber porqué nin de que maneira, un dos bois botou a correr a toda mecha desbocado a bater ó canto de arriba diante da viña e alí parou. Pero o problema aínda estaba por vir, unha vez volto ó rego nin labraba, nin labraba, non houbo pau que o fixese labrar, boi que non labrou máis. Á forza de pau mal labramos o pouquiño que faltaba, bo traballo nos dou. Carrear carreaba coma nunca, pero ter que labrar que no y no. Como aínda empezabámo-la sementeira a solución foi cambialo por outro dun veciño cando se trataba de labrar mentres o outro carretaba salindo así do paso. Incluso ó outro día disto ó volver a negar ir ó rego meu pai doulle un fungueirazo no medio e medio da testa que fixo ó boi tambalearse e pouco lle faltou para vir ó chan.

Pero outra máis clara que me pasou, xa de chaval foi cando tuvemos que levar un porco de mata a Beluso no carro dos bois eu mailo meu pai e ó chegar á casa dos de Inés, na canexa de Bieites un dos bois parounos sen saber porqué e eu veña a darlle varazos e nada, ó cabo o boi empezou a andar pouquiño a pouco, pero o porco que ata ese momento ía deitado e calado empezou a berrar e a querer botarse fóra das caizas coma un desleigado, meu pai, pensando pausado que Deus te criou, ¡pero quen facía bo del!

Ata que ó ver que nada podía facer íame mandar dar volta e nisto cadroulle ver para o lado e veu a unha muller ríndose á fiestra da súa casa, e como calquera no sitio, jodido polo que pasaba díxolle:

-Métete dentro, me cajo... (perdonando) que che vou meter a tí un fungueirazo que vas ver.

Ó meterse para dentro a muller, o porco de repente acougou e todo voltou á normalidade coma antes. ¿Era aquela muller o motivo? Eu non sei nada. Sei que o vivín ¿foi casualidade? Tampouco o creo porque tanto neste caso como no anterior o disque da xente era que había persoas capaces de facer dano coa vista, mesmo sen querer, eu aínda hoxe non lle topei outra explicación. Había unha muller -disque en Cela- que se vía para alguén antes de almorzar caía ó chan inexplicablemente, por iso o primeiro que facía ó levantarse da cama era almorzar para así mengua-la forza que tiña na vista.

Vós non deixedes de bebe-lo tintafemia para ter máis forza na vista, por un se as caso. Estadés todos invitados nas VIVAS da festa dos mozos. Saúde.

Asociación Cultural Danzadeira de Cela.

**O ALUMBRADO DESTAS FESTAS  
CORRE A CARGO DE:**

*Montajes Ogando, S.L.*

**INSTALACIONES ELECTRICAS - BOBINADO DE MOTORES  
ANTENAS COLECTIVAS - ALUMBRADO  
MEGAFONIA DE FIESTAS Y VENTA DE ELECTRODOMÉSTICOS**

**Teléfono 31 03 75 - LA JUNQUERA MOAÑA**



**ANTARES L'OGAR**

**EXPOSICION:**

**Petís, n.º 37 - Teléfono 32 08 88**

**CARPINTERÍA:**

**Sabarigo, n.º 63 - Teléfono 32 13 04  
36930 B U E U (Pontevedra)**

Sta. Maria de Cella 1 PAG  
 Carro: chedeiro, xugo e roda




Fig. 1.- 1, cabezalla. 2, chedeiro. 3, cheda.  
 4, fecho. 5, eixo. 6, cadea. 7, fangueiro.  
 8, torno. 9, patón da cheda.

Arado de pau




Fig. 4.- 1, cabeza. 2, timón. 3, rabela. 4, biscuña. 5, teiro.  
 6, cega. 7, chavella. 8, macho. 9, minxil. 10, abeca.  
 11, ferro.




Fig. 2.- 1, cabezalla. 2, xugo. 3, espicha. 4, arco.  
 5, "a maza" do xugo




Fig. 3.- 1, roda. 2, camba. 3, meón. 4, tufo.  
 5, tilla. 6, rella. 7, media luna ou  
 alegre. 8, ferraixe.



ALTO DE LA PORTELA - CASTIÑEIRAS  
 TELÉFONO 32 34 26 - B U E U



Pajarería  
**EVARIS**

Peces Tropicales  
 Plantas  
 Jardinería  
 Piensos  
 Toda clase de animales  
 de compañía

Calzada, n.º 2 - Teléfono 88 36 81 - 36900 MARIN